



José A. Vasconcellos Vicente proclámase Campión Provincial de Pontevedra de Compak Sporting

O pasado día 17 de maio celebrábase no campo de tiro “Eido Dalbo” en Xinzo (Ponteareas), o Campionato Provincial de Pontevedra de Compak Sporting 2009, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade “Clube de Tiro Eido Dalbo”.

A proba, que se disputaba sobre 100 pratos, contou cunha participación total de 15 tiradores. O gañador tanto en categoría senior como en absoluta foi José A. Vasconcellos Vicente que escachaba 89 dos 100 pratos. Segundo clasificado rematou Gabino Villamor Vázquez con 88 pratos escachados e o terceiro posto era para Jorge Vázquez Iglesias, que tamén escachaba 88 pratos na proba. O cuarto clasificado da proba e terceiro provincial era Juan C. Costas Pereira.

Na categoría de veteranos vencía Angel Vidal Conde, con 74 pratos escachados. En categoría superveteranos gañaba Miguel Blanco Álvarez, que conseguía escachar 47 pratos, mentres que na categoría xuvenil quedaba primeiro Martín Muíños Rodríguez, con 79 pratos escachados.

Pos.	Participante	Provincia	Pratos escachados
1º	José A. Vasconcellos Vicente	PO	89
2º	Gabino Villamor Vázquez	PO	88
3º	Jorge Vázquez Iglesias	OU	88
4º	Juan Carlos Costas Pereira	PO	86
5º	Antonio Suárez Enríquez	PO	85

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com